

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL NO MARCO DO ACORDO DA COMISION BILATERAL CELEBRADA O 29 DE ABRIL DE 2011, RELATIVA A AREA DE REHABILITACION DO BURGO MEDIEVAL E ZONA DE INFLUENCIA DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) 7ª FASE, NA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA. PLAN DE VIVENDA 2009-2012. PERIODO 2010

Base 1.- Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento de concesión das axudas ao abeiro do Convenio asinado entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Monforte de Lemos, o 29 de abril de 2011, relativo a concesión das axudas para a área de rehabilitación do burgo medieval e zona de influencia de Monforte de Lemos 7ª Fase, no marco do R.D. 2066/2008, de 12 de decembro, polo que se aproba o Plan Estatal 2009-2012.

Base 2.- Ámbito territorial desta convocatoria

O ámbito no que será de aplicación esta convocatoria é o da ARI do Burgo Medieval e o seu entorno en Monforte de Lemos, declarada polo conselleiro da COTOPV o 25 de abril de 2003.

Base 3.- Tipos de actuacións protexibles

Segundo o establecido no artigo 5 da Ordenanza, as obras para as que se solicitan as axudas deberán estar comprendidas nun ou máis dos seguintes apartados:

- a) Rehabilitación de edificios dunha soa vivenda (entendido como inmovible que alberga exclusivamente unha vivenda familiar con omisión de calquera outro tipo de uso, agás despacho profesional ou pequeno taller integrado nela). Actuacións de conservación, restauración, rehabilitación, renovación, reestructuración e baleirados parciais en edificios con uso residencial que comporten o acaemento estrutural e funcional dos ditos edificios.
- b) Rehabilitación de vivendas e actuacións para o acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas en edificios residenciais. As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas á distribución interior, instalacións de auga, electricidade, calefacción, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servicios hixiénicos e instalación de cociña ou doutros servicios de carácter xeral.
- c) Actuacións nos elementos comúns das edificacións e de mellora e conservación dos elementos que demandasen os valores histórico -artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais. Dentro destas actuacións entenderanse incluídas:
 - Tellados.
 - Chemineas.
 - Fachadas.
 - A instalación de ascensores.
 - As instalacións para a detección e prevención de incendios e habilitación de vías de evacuación.
 - A supresión de antenas individuais e instalación de antenas colectivas.
 - O acaemento de accesos e circulación para uso de persoas discapacitadas.

Cando da rehabilitación dos elementos comúns se deriven obras que afecten ás vivendas poderá incluírse o seu custo no orzamento protexible.

Base 4.- Criterios de selección

Dentro das actuacións na Área de Rehabilitación Integral,, as prioridades xerais serán as seguintes (art.7 da O.M.):

- Interese arquitectónico do edificio proposto: obras catalogadas.
- Actuacións en vivendas sitas intramuros.
- Actuacións de rehabilitación en vivenda habitual.
- Actuacións que melloren o aspecto xeral e que revitalicen o comercio da Área de Rehabilitación de Centro Histórico.
- Intervencións contiguas en rúas.
- Creación de usos compatibles en planta baixa.
- Emprego de materiais tradicionais.

En igualdade de condicións, serán criterios de preferencia os seguintes:

- Os solicitantes con menor capacidade económica.
- Os edificios cunha antigüidade maior de 60 anos.
- Obras rematadas con anterioridade á publicación das presentes bases e xa inspeccionadas polos técnicos da Oficina Municipal de Rehabilitación que non obtiveron axudas por téréense esgotado os créditos dispoñíbeis previstos en anteriores convocatorias.

Base 5.- Programa e contía das axudas

As axudas económicas previstas terán o carácter de subvención a fondo perdido, poderán dirixirse a calquera das actuacións sinaladas na Base 3 da presente convocatoria.

As subvencións concederanse no marco do acordo asinado entre o Concello de Monforte de Lemos, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Ministerio de Vivenda o día 29 de abril de 2011, que estima unha investimento de 726.000,00 euros, correspondente ás achegas dos referidos Ministerio, Consellería e dos promotores particulares, para a realización de 22 actuacións cualificadas.

En desenrolo do artigo 11 da O.M., as subvencións serán as seguintes:

- a) Programa de actuacións en edificios dunha soa vivenda, conservación, restauración, remodelación, reestructuración, e demolicións parciais:
Establécese unha subvención a fondo perdido de ata o 75% do orzamento protexible das obras de rehabilitación que se realicen, sen que a subvención poida exceder de 10.000 € por vivenda, sempre e cando se respecte a tipoloxía estrutural existente.
- b) Programa de actuacións de rehabilitación dunha vivenda en edificio residencial ou obras para acaemento das condicións de habitabilidade:
 - Nos casos de rehabilitación da vivenda, as axudas económicas previstas establécense nunha subvención a fondo perdido do 75% do presuposto protexible das obras de rehabilitación que se realicen, sen que a subvención poida exceder de 10.000 € por vivenda subvencionada.
- c) Programa de actuacións nos elementos comúns das edificacións e de mellora e conservación de elementos que fosen requiridas polos valores histórico-artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais.
As axudas económicas previstas para a rehabilitación fíxanse nunha subvención a fondo perdido do 75% do presuposto protexible das obras de rehabilitación que se realicen sen que a subvención total poida exceder de 10.000 € por vivenda subvencionada.

As axudas indicadas nos puntos b) e c) teñen carácter concorrente nos casos que se realicen actuacións que afecten a ambos apartados, nembargantes, en ningún caso a subvención total sumadas ambalasdúas poderá superar o 75% do orzamento nin os 10.000 € por vivenda.

Base 6.- Características das axudas económicas

As axudas previstas nesta norma, terán carácter de subvencións a fondo perdido e serán outorgadas polo procedemento de concorrencia competitiva con convocatoria aberta. (art.6 da O.M.)

As axudas serán concedidas tendo en conta os informes técnicos emitidos pola Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación - Portelo único de Vivenda do Concello de Monforte de Lemos.

Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o baleirado da edificación.

Base 7.- Compatibilidade das axudas

Para os efectos do disposto nos artigos 17.3 e 19.2 e 3 da Lei Xeral de Subvencións, estas axudas serán compatibles con calquera outras, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desoutras axudas, sen que se poida superar, en ningún caso, o 75% do orzamento protexible. (art.75.1 de lei 18/2008 de vivenda de Galicia)

Base 8.- Requisitos

Conformidade coa normativa vixente (art. 8 da O.M.)

Os inmobles e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións da normativa en vigor.

Condicións dos inmobles (art. 9 da O.M.)

Os edificios deberán contar como mínimo co 50% da súa superficie útil destinada a uso da vivenda. Exclúense do cómputo as superficies por baixo da rasante e a planta baixa das edificacións.

Non se protexerán actuacións en edificios que carezan das condicións mínimas de habitabilidade, de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de acaída funcionalidade da rede de saneamento, agás que as obras inclúan as actuacións necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas a distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalacións de cociña ou doutros servizos de carácter xeral. Non se protexerán obras de acabados cuxa finalidade sexa puramente decorativa.

Non se subvencionarán obras ou partidas de obras iniciadas con anterioridade á realización da primeira visita técnica ó inmovible por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

Os inmoables deberán ter unha antigüidade maior de 15 anos, agás cando se trate de adaptacións para uso de persoas con discapacidade, cando as obras sexan necesarias para adaptar as instalacións á normativa técnica aplicable, ou cando teñan por obxecto a redución do consumo enerxético.

Requisitos xerais (art. 13 da O.M.)

A execución de calquera das obras contará coa preceptiva Licenza Municipal de Obras na que se faga constar a descrición de todas as obras a executar e calquera outra autorización administrativa necesaria.

As edificacións ou vivendas deberán ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.

As obras que teñen por obxecto actuacións sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e constructiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.

Base 9.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de vivendas, edificios e elementos comúns, os propietarios, arrendatarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre as vivendas, cando estas constitúan o seu domicilio habitual e permanente. (art. 10 da O.M.)

Tamén poderán solicitar as axudas os titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve parello o compromiso de ocupalas eles mesmos ou transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro título legalmente admisible, sempre que sexa como residencia habitual. Este compromiso terá que ser cumprido antes de transcorridos seis meses dende que finalizasen as obras, e quedarán condicionadas as axudas á efectiva ocupación das vivendas no devandito prazo, que poderá ser prorrogado ata un ano por solicitude da persoa interesada cando medie causa xusta.

Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de edificios e de elementos comúns dos edificios, os propietarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre estes.

Os beneficiarios das subvencións haberán de cumprir as seguintes condicións:

- Non ter obtido axudas financeiras nin préstamo convido para o mesmo tipo de actuación, ó amparo de plans estatais ou autonómicos de vivenda, durante os dez anos anteriores á solicitude actual (art.3.f do RD 2066/2008).
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Os ingresos familiares ponderados das persoas físicas beneficiarias das axudas non poderán exceder de 6,5 veces o IPREM, cando se trate da rehabilitación, para uso propio, de elementos privativos dos edificios (art.47 RD 2066/2008 e art. 45 D 402/2009).
- Estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Monforte.
- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Monforte, ou xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar.

PROCEDEMENTO

Base 10.- Iniciación, Instrucción e Resolución

A iniciación do procedemento terá lugar mediante Convocatoria pública aprobada polo órgano competente, que terá necesariamente o contido indicado no artigo 23.2 da LXS:

A instrucción do procedemento realizarase pola Oficina Municipal de Rehabilitación que practicará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A resolución dos expedientes corresponderá a Xunta de Goberno Local previa proposta formulada pola Comisión Avaliadora.

Base 11.- Comisión de avaliación

A Comisión de avaliación estará composta polo Arquitecto técnico do Concello, polo Director da Oficina Municipal de Rehabilitación e por un funcionario do servizo de intervención do Concello.

A Comisión, previo estudio das solicitudes presentadas, emitirá un dictame no que formulará a proposta de resolución ó órgano competente.

Base 12.- Procedemento: solicitudes, documentos e prazos

1. O petionario deberá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ó inicio das obras.
2. As solicitudes de axuda presentaranse para tal fin no Rexistro do Concello, previa solicitude do impreso habilitado na Oficina de Rehabilitación.
3. Coa solicitude achegarse a seguinte documentación (art. 18 da O.M.):

- Documentación relativa ó/á solicitante:

- a) Fotocopia do DNI do/a solicitante e, de ser o caso, do representante autorizado.
- b) Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal deberá achegarse certificación do/a secretario/a da comunidade de propietarios da acta da reunión na que se designou ó seu presidente/a e da acta na que se recolla o acordo de realización das obras. Se non existise comunidade de propietarios legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todos os copropietarios coa realización das obras.
- c) Documentación acreditativa dos ingresos e da composición familiar: será obrigada esta documentación para a tramitación de todas as axudas reguladas nesta Ordenanza, agás que as vivendas sexan destinadas ó alugueiro.
- d) Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables por esta ordenanza, de acordo co previsto no artigo 14.1.d] da LXS.
- e) Certificación bancaria do número de conta do solicitante, onde lle será abonado o importe da subvención. A titularidade deberá ser a do solicitante da axuda.
- f) Ademais documentación que lle sexa esixible ó beneficiario, de acordo coa lexislación mercantil e sectorial aplicable e co disposto na LXS.

- Documentación acreditativa da titularidade do inmovible:

- a) Nos supostos de propiedade ou dereito de uso: contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible.
- b) Nos supostos de arrendamento, e á marxe de que as obras sexan promovidas polo propietario ou polo inquilino, deberá achegarse, ademais do establecido no punto anterior, fotocopia do contrato de arrendamento e do convenio entre o propietario e o inquilino no que se faga constar a descrición das obras e a autorización do propietario para realizalas, cando tal autorización sexa legalmente esixible e, de ser o caso, a súa repercusión na renda contractual e nas demais condicións pactadas.

- Documentación relativa ó destino da vivenda:

- a) Cando o solicitante sexa ou vaia ser residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar, deberá achegar: certificado de empadramento ou compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente polo menos durante un período de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.
 - b) Cando o solicitante non habite na vivenda para rehabilitar: compromiso escrito de destinar a vivenda a residencia familiar habitual e permanente de terceiras persoas, ou no seu defecto a aluguer, e condicionarse o cobro das axudas á presentación dun contrato de aluguer.
4. A presentación da solicitude de axuda implica a aceptación das bases e das obrigas establecidas nesta norma.
 5. Prazos:
 - a) **Para a presentación da solicitude:** o prazo para a presentación de solicitudes será de **dous (2) meses** dende a publicación destas bases..
 - b) **Para a resolución:** dous meses dende o remate do prazo establecido para a presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima aos interesados dá a entender desestimada a concesión da subvención por silencio administrativo.

- c) **Xustificación da actuación:** As obras estarán rematadas no prazo máximo establecido no acordo de concesión provisional das axudas, dentro da anualidade correspondente.

Base 13.- Concesión das axudas

Presentada a documentación que se establece no artigo 12, o órgano instructor proporá á Xunta de Goberno Local a aprobación provisional das axudas, que terá a consideración de acto de trámite necesario para a súa obtención.

A partir da elaboración do informe de final de obra ou de ser o caso desde que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na aprobación provisional, a Oficina de Rehabilitación someterá o expediente ó órgano municipal correspondente para que este resolva sobre a aprobación definitiva das axudas.

REALIZACIÓN DAS OBRAS, XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Base 14.- Contratación e inicio das obras

Os solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno. (artigos 21 e 22 da O.M.)

Non obstante, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 €, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas, seleccionándose de acordo con criterios de eficiencia e economía aquela que resulte economicamente máis vantaxosa. Noutro caso, xustificarse expresamente a escolla en memoria elaborada para o efecto, artigo 31 da LXS.

Deberá constar na Oficina de Rehabilitación o presuposto de execución definitivo, asinado por ambas partes.

As obras deberán iniciarse no prazo máximo de tres meses a partir da concesión da Cualificación Provisional emitida pola Consellería de Vivenda e Solo. Poderase alongar ese prazo ata seis meses máis se existe causa xustificada.

O solicitante promotor das obras comunicarlle formalmente á Oficina de Rehabilitación a data do comezo das obras, o prazo de execución, as empresas que interveñen e o importe do presuposto de obras de cada empresa, de forma que poida quedar constancia deses datos.

Base 15.- Finalización das obras

Rematado o prazo de execución das obras, o promotor disporá dun mes para comunicar o seu remate. Entregada a documentación redactada polo seu técnico director e as facturas e demais xustificantes de gasto, os servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación redactarán o correspondente informe. (art. 24 da O.M.)

Base 16.- Xustificación

A xustificación da actuación constitúe unha obriga do beneficiario que baixo a súa responsabilidade aportará a tal fin os orixinais das facturas pagadas ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

Base 17.- Pagamento das axudas

As axudas concedidas provisional e definitivamente serán aboadas unha vez que certifique o Concello a finalización das obras e que o Instituto Galego de Vivenda e Solo emita o documento de cualificación definitiva. (art. 26 da O.M.)

O ingreso farase efectivo por transferencia bancaria no nº de conta que ó efecto indicou o interesado no momento de presentar a documentación.

Base 18.- Perda da Subvención

Segundo o establecido no artigo 28 da O.M., ademais das causas establecidas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións serán causa de perda da subvención:

- a) Non reunir as condicións esixidas pola Ordenanza, relativas ós solicitantes ou ós inmobles para rehabilitar.
- b) A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación e carezan de licenza urbanística.
- c) A grave incorrección técnico - constructiva das obras, apreciada pola Oficina de Rehabilitación e constatada no proxecto ou na súa execución.

- d) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade a respecto do estado previo do inmovible.
 - e) Iniciar as obras sen dar conta á Oficina de Rehabilitación
 - f) Incumprir os prazos sinalados na aprobación provisional ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.
 - g) O impedimento ou a obstaculización do acceso ás obras ós técnicos da Oficina de Rehabilitación por parte do promotor ou do contratista.
- h) Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o baleirado da edificación. Isto é cando se demola, en todo o edificio ou en parte, ou nunha das plantas vivideiras a totalidade da estrutura sen autorización previa da Consellería de Vivenda e Solo. A demolición dunha planta en fachada, incluíndo esta tamén se considera baleirado

Base 19.- Publicidade

A publicación das presentes bases realizarase no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da información complementaria que se realizará nos distintos medios de comunicación.

Base 20.- Norma Final

No previsto nas presentes bases estarase ao disposto na Ordenanza Municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas na Area de Rehabilitación Integral (ARI) de Monforte de Lemos, e de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por R.D 887/2006, de 21 de xullo.

Monforte de Lemos, a 10 de novembro do 2011.- O ALCALDE

R. 5312

Anuncio

De conformidade co artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 8 da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos, a Xunta de Goberno Local do día 17 de novembro de 2011 aprobou a modificación do Prezo Público "Actividades Ocio Infantil" engadindo no artigo 4 "Actividade Campamento Lúdico Nadal 65 €/curso /neno"

Este prezo público entrará en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia e será vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Monforte de Lemos, 17 de novembro de 2011.- O Alcalde, Severino Rodríguez Díaz

R. 5364

O VICEDO

Anuncio

INICIO DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIONES EN MATERIA DE TRÁFICO.-

De conformidade con lo dispuesto en los artículos 59.5 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, se publica notificación de incoación de los expedientes sancionadores que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de tráfico por agentes de la autoridad, a las personas o entidades que se detallan, al no ser posible realizar la notificación, tras intentarlo en la dirección que figura en el registro de vehículos, según se desprende del expediente.

DENUNCIADO	NIF/CIF	Nº EXP.	DATA	IMPORTE	MARTÍCULA	ART.	NORMA
Víctor Manuel Pinies Raposo (Sitges Barcelona)	16039452B	2011/18	10/08/11	80,00 €	6868GRC	154 1 5 b)	R.G.C. No obedecer una señal de prohibición o restricción (señal R308 de estacionamiento prohibido)

El órgano instructor del procedimiento es la unidad de sanciones del Ayuntamiento de O Vicedo y el órgano competente para su resolución el Sr. Alcalde - Presidente, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 68.2 del Real decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, por el que se aprueba el texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial.